

10

RAMÓN PIÑEIRO E A DEMOCRACIA O GALEGUISMO PARLAMENTARIO



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

*Sesión no Pazo de Fonseca,
a segunda sede parlamentaria
antes do definitivo traslado
ao Pazo do Horreo.*

Foi o responsable de redactar e defender a Lei de normalización lingüística ante a Cámara galega e participou na Lei da galegitude onde se honra e reconece a masiva emigración galega como unha grande obra colectiva e onde se lexislan os dereitos dos fillos e netos dos emigrados galegos en calquera país do mundo.

En 1983 é nomeado como primeiro presidente do Consello da Cultura Galega até a súa morte, o 27 de agosto de 1990.

*A pesar da falta de ambición
autonomista dos partidos
políticos maioritarios en
Galicia, grazas á súa habilidade
negociadora e ao seu carácter
sereno e consensuador logra
que o proceso autonómico sexa
un éxito.*

*Unha das primeiras
sesións parlamentarias
no Pazo de Xelmírez
presididas por Antonio
Rosón.*

Coa restauración da democracia o nome de Ramón Piñeiro soa como candidato á Presidencia da Xunta nas enquisas de opinión e os editoriais dos xornais galegos. Antonio Rosón Pérez procurador nas Cortes franquistas foi o protagonista o 28 de xullo de 1976 dun dos primeiros pronunciamentos a favor da autonomía en Galicia. Un mes despois da vitoria da UCD nas eleccións de xuño de 1977 constitúese en Compostela a Asemblea de Parlamentarios de Galicia presidida por Rosón para elaborar un proxecto de preautonomía.

Tras unha gran manifestación o 4 de decembro de 1977 a favor da autonomía, que xuntou a máis de medio millón de galegos, o Goberno de Madrid aproba a trámite o 16 de marzo de 1978 o Decreto de autonomía.



En 1980 o desconcerto con que era dirixido desde os partidos estatais o proceso estatutario propiciou a creación dun grupo denominado Realidade Galega, encabezado por Ramón Piñeiro co fin de lle dar lexitimidade ao Estatuto de autonomía.

Consegue unha forte repercusión mediática rodeándose de egrexios intelectuais galeguistas como García-Sabell e Luís Seoane.

En setembro de 1980 retómanse as negociacións para a redacción do Estatuto de Galicia e o 21 de decembro é aprobado en referendo.

Piñeiro acepta a invitación de integrarse como independente no PSOE no primeiro Parlamento autonómico de Galicia, pero o seu labor é consecuente coa súa estratexia de fortalecer a identidade de Galicia, as súas institucións colectivas e coa súa estratexia de non vincular o galeguismo con ningún partido político en concreto. Defendeu o pluralismo ideolóxico do galeguismo para galeguizar todas as forzas políticas galegas. Prova da súa independencia e coherencia coas súas ideas foi o seu voto a favor do candidato da lista máis votada desobedecendo as instrucións do PSOE para fortalecer a institución parlamentaria acabada de nacer.



*Grupo de traballo que redactou a primeira
versión do texto do 2º Estatuto de Galicia*